

*"A lectura é un traxe
que lle senta ben á alma
e faina máis fermosa"*
(Rabier P. Doasampa)

A Coruña 2010
**A cidade
que le.**

<http://acorunacultura.org/acidadequele>



As actividades que aquí apuntamos son a obra colectiva de toda unha cidade que realiza un esforzo moi importante para reivindicar, celebrar, impulsar, e chamar máis xente á lectura.

Son actividades impulsadas pola Concellaría de Cultura a través das bibliotecas municipais, mais tamén polas outras bibliotecas públicas da cidade, pola A.E.L.G., pola RAG, por asociacións culturais, pola Fundación Manuel María, Fundación da Biblioteca da Casa do Consulado, pola ASPG, pola Asociación de Libreiros, pola AGPI, pola Deputación da Coruña, pola Universidade da Coruña, pola Xunta de Galicia, por moitos colexios, pola Casa Museo Emilia Pardo Bazán, pola Escola de Artes Pablo Picasso, pola Escola de Imaxe e Son, polas galerías de arte, por empresas privadas etc.

Dámoslles as grazas a todos e a todas.

1. Entre versos	pax. 3
2. A arte de facer un libro: do escritor(a) ao lector(a)	pax. 7
3. A lectura sae á rúa	pax. 13
4. A lectura en fotogramas: “luces, cámara, acción”	pax. 19
5. Protagonistas	pax. 21
6. Empezando desde cero	pax. 31
7. Faladoiros de lectura	pax. 33
8. Conciencia lectora	pax. 37
9. Contos e máis contos para os máis pequenos	pax. 41
10. Lecturas e teatro	pax. 43
11. Banda deseñada, de banda a banda	pax. 45
12. Ven de visita	pax. 49
13. Achegarte	pax. 53
14. Encontros coa literatura	pax. 57
15. Miradoiros de lectura	pax. 59



1. Entre versos

Poetas din (n) versos

Un martes á metade do mes dous poetas lennos a súa obran na Casa da Cultura de Salvador de Madariaga. O 20 de abril estarán Kirmen Uribe e María Lado, e o 18 de maio Marica Campo e Elena Medel.

Feira da poesía

Neste encontro con poetas, o público poderá mercar poemas e confeccionar a súa antoloxía persoal. Terá lugar o sábado 24 de abril de 18:00 h. a 21:00 h. no Kiosco Alfonso. Colabora a AELG.

Espectáculo poético e recital multimedia

Correrá a cargo de Yolanda Castaño e terá lugar en maio na Biblioteca Municipal do Castrillón.

Recital de poemas

En maio na Biblioteca Municipal dos Rosales poderemos escoitar a poesía de Baldo Ramos.



Contos musicais dos ratos da biblioteca

O público infantil poderá gozar deste espectáculo da compañía do TrinkeTrinke. O sábado 23 de outubro na Biblioteca Pública Miguel González Garcés.

Regueifas

Os Regueifeiros de Galicia (Asociación Oral de Galicia) deleitarannos con sesións de improvisación oral en verso. En novembro na Biblioteca Pública Miguel González Garcés. Este espectáculo é para todos os públicos.

Obradoiro de regueifas

Xosé Manuel Varela Varela impartirá este obradoiro para adultos en novembro na Biblioteca Pública Miguel González Garcés.

Obradoiro de poesía: “A poesía é necesaria” Eva Veiga ofrecerá este obradoiro aos adultos no inicio do mes de marzo na Biblioteca Pública Miguel González Garcés.



2. A arte de facer un libro: do escritor(a) ao lector(a)

Obradoiro “Escritura narrativa”

Os adultos poderán aprender neste obradoiro que impartirá Marina Mayoral en febreiro na Biblioteca Pública Miguel González Garcés.

Obradoiro de escritura

Pedro Ramos ofrecerá este obradoiro na Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil.

Obradoiro de escritura

Estíbaliz Espinosa impartirá este obradoiro para adultos en novembro na Biblioteca Municipal de Estudos Locais.

A Coruña e a edición galega

Neste 2010 celebramos o bicentenario da edición do primeiro libro escrito en galego: Proezas de Galicia. Con esta actividade resaltamos o papel da Coruña no mundo editorial e da imprenta.

Abano de marcapáxinas

En colaboración coa AGPI. Agasallo dun abano con 89 marcapáxinas doutros tantos ilustradores galegos. Exposición de marcapáxinas do 1 ao 10 de agosto

“Os libros da nosa imprenta”

Mostra bibliográfica. Abril. B.M. DE ESTUDOS LOCAIS



“Ars Ligatoria”

Trátase dunha exposición de encadernación que terá lugar do 4 ao 22 de novembro no Pazo Municipal. O seu obxectivo é pór en valor o traballo artesanal na encadernación de libros. Faranse obradoiros de encadernación para alumnado dos centros de Primaria.

Obradoiro “Encadernación artesanal”

Este obradoiro de iniciación para adultos correrá a cargo de Juan M. López Casas. En marzo estará destinado a adultos e en outubro para todos os públicos. Terá lugar na Biblioteca Miguel González Garcés.

Curso de caligrafía: “Como se ilumina un manuscrito” Terá lugar en outubro na Deputación da Coruña.

Obradoiro “Letras no papel”

Neste obradoiro para todos os públicos mostraranos como facer marcapáxinas, portadas, tarxeta etc. Haberá dúas edicións en abril e maio na Biblioteca Pública da Deputación da Coruña.

Obradoiro “A biblioteca creativa”

Consiste na creación plástica a partir dun conto. Terá lugar de xaneiro a marzo na Biblioteca Pública da Deputación da Coruña e está destinado ao público infantil.



Obradoiro de modelado de personaxes

Será en maio e xuño na Biblioteca Pública da Deputación da Coruña. O destinatario é o público infantil.

Obradoiro de instantáneas de plastilina

Será en outubro na Biblioteca Pública da Deputación da Coruña.

Literatura noutros formatos:

“Letras sen papel” Trátase de crear noutros soportes. Universidade da Coruña.

Bloggit. Trátase dunha actividade para rapaces de 9 a 12 anos que se basea na creación dun blog en inglés. Terá lugar o 9 e 23 xaneiro, 6 e 20 febreiro, 6 e 20 marzo, 10 e 24 abril, 15 e 29 maio, 9 e 23 outubro, 13 e 27 novembro, e 11 e 18 decembro na Biblioteca Pública Miguel González Garcés.

The Blog

Creación dun blog en inglés. Para mozos e mozas de 9 a 12 anos. Desenvólvese nas BIBLIOTECAS DO CASTRILLÓN E DE MONTE ALTO quincenalmente entre os meses de outubro a maio.



Festa do Libro

Do 21 ao 25 de abril
De 11.30 a 14.00 e de 17.30 a 21.30h.
Cantón Grande

Participan nesta festa
as librerías da cidade.

Chequea a túa saúde literaria na
CASETA DE ATENCIÓN PRIMARIA:
Consultorio de lectura

3. A lectura sae á rúa

Festa do libro

En abril, eu libro así que pasarei polos Xardíns de Méndez Núñez do 21 ao 25 de abril de 11:30 a 14:00 e de 17:30 a 21:30. Achégate.

En colaboración coa Agrupación de Libreiros da Coruña.

Feira da poesía

Neste encontro con poetas o público poderá mercar poemas e confeccionar a súa antoloxía persoal. O sábado 24 de abril pola tarde no Kiosco Alfonso.

Caseta de atención primaria

É un consultorio de lectura. As Bibliotecas Municipais teremos un consultorio de lectura nos Xardíns de Méndez Núñez con motivo da Festa do Libro. Alí estaremos os “bibliotecarios-mediadores-especialistas” para “receitar” libros que se poden atopar nas bibliotecas e nas casetas da “festa-feira”.



**GRANDE
MANIFESTACIÓN
PÚBLICA A FAVOR
DA LECTURA**

**¡O NUNCA VISTO, TODA A CIDADE
LENDO AO MESMO TEMPO!**

VENRES
23
de abril
día do libro

ACTIVIDADES:

Día 21 ás 19:00: Concerto do gaitero bretón Patrick Molard.

Día 22 ás 19:00: A fermosa perruquería da Compañía Femme Fatale.

Día 23 ás 19:00: FLASHTOP. Quedada no Obelisco para ler.

Día 24 ás 18:00 ás 21:00: Feira da poesía. Encontro poético no Kiosko Alfonso

Día 25 ás 19:00: Ronda poética do batallón literario da Compañía Femme Fatale.

Se colleres o bus, aproveita e le, se colleres o tren, aproveita e le.

O día 23 de abril, de 12:00 a 18:00 levaremos as Bibliotecas Municipais á estación de autobuses e do tren e alí agasallaráselles aos viandantes con libros e marcapáxinas.

Todos a unha: Flashtop

O día 23 de abril ás 19:00 h haberá unha quedada no Obelisco para ler en voz alta durante 2 minutos. Vén ler con nós!

Feira do libro

Terá lugar do 1 ao 10 de agosto e estará organizada pola Federación de Libreiros de Galicia.

Danza

Compañía Entremans. O día 22 as 18:00 h. diante do Kiosko.



Recolectores

No outono as bibliotecas estarán nos mercados municipais, colocaranse carteis promocionais e ofreceranse canapés de lectura, distribuindo polos postos libros e guías con reseñas de libros, recomendacións de lecturas etc.

Ruta do bacallau

De xeito dinámico e lúdico desenvolveremos no mes de outubro unha ruta protagonizada polos libros e a lectura.

Bibliopraza

A Biblioteca Municipal de Monte Alto saca á rúa parte dos seus fondos durante os días 1, 2 e 3 de xuño. Organizaranse actividades de animación para os máis pequenos.

Xornada de portas abertas

En outubro publicitararanse na rúa as actividades e servizos da Biblioteca Pública Miguel González Garcés.

A Coruña

Niñid

Concurso Biblioclips

Fai o teu vídeo publicitario inspirado
na biblioteca e a lectura (máx. 35 seg.)



4. A lectura en fotogramas: “lucés, cámara, acción”

Concurso de Biblioclips

Trátase de realizar curtas dun máximo de 35 segundos inspirados nas bibliotecas e na lectura. Comeza o 19 de abril. Bases completas en <http://acorunacultura.org/acidadequele/>

Ciclo “Literatura e cinema”

Unimos o audiovisual e a literatura durante este mes de abril na SALA MARILYN DO FORUM: Everything is illuminated, de Liev Schreiber; Romanzo Criminale, de Michele Plácido; e La Belle Personne, de Christophe Honore.

Curtas para Rosalía

Un evento organizado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega.



5. Protagonistas

Protagonista Rosalía

Penso que por min chamades

O 29 de abril ás 20:30 h no Teatro Rosalía terá lugar un concerto de Follas Novas en homenaxe a Rosalía de Castro.

Exposición “Libros para ver”

Trátase dunha exposición cos fondos da Biblioteca Municipal de Estudos Locais e do Arquivo sobre Rosalía que terá lugar no mes de xuño na Sala de Exposicións de Durán Loriga.

Curtas para Rosalía

O certame “Curtas para Rosalía” é un evento organizado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega para achegar e mostrarlle ao público actual calquera aspecto da vida ou da obra de Rosalía de Castro. A duración máxima será de 20 minutos. O prazo de entrega finaliza o 16 de xuño. Bases completas en <http://www.as-pg.com/>



Ao raso coas lebres

Trátase dun espectáculo de lectura e música de Casa Hamlet en homenaxe a Rosalía no 125 aniversario do seu pasamento. No Teatro Rosalía Castro.

O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo

A relatora da conferencia será Pilar García Negro, e terá lugar o martes 25 de maio, ás 20:00 na Biblioteca Municipal de Estudos Locais.

Rosalía de Castro, voz do pobo galego

A relatoria da conferencia será Marina Mayoral. Terá lugar o 22 de xuño na Biblioteca Municipal de Estudos Locais.

Protagonista Novoneyra

Canto de permanencia: homenaxe a Uxío Novoneyra

Trátase dun espectáculo de música, audiovisual e de música: será unha actuación de Uxía Senlle sobre poemas de Uxío Novoneyra. Terá lugar no Teatro Rosalía o 15 de abril, ás 20:30. A entrada libre será até completar a capacidade. O acto celébrase en colaboración coa Fundación Manuel María e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega.



Exposición Uxío Novoneyra

En xuño na Casa da Cultura Salvador de Madariaga (Durán Loriga) expóranse os gravados de Facal e os poemas para Uxío.

Día das Letras Galegas 2010:

Uxío Novoneira

Por este motivo, elaboraranse guías de lectura e haberá mostras bibliográficas na Biblioteca Pública Miguel González Garcés, nas Bibliotecas Municipal de Estudos Locais e do Fórum Metropolitano.

Conferencia “Novoneyra, cantor do Courel a Compostela”

A relatora será Carmen Blanco e terá lugar o 13 de maio na Biblioteca Pública Miguel González Garcés.

Novoneyra para os máis pequenos: Ilda, o lobo o corzo e o xabarín.

O 13 de maio na Biblioteca Municipal Os Rosales farase unha narración dramatizada do conto.

Protagonista Luis Seoane

Exposición “Libros para ver”

Será na sala de exposicións de Durán Loriga no mes de xuño cos fondos da Biblioteca Municipal de Estudos Locais e o Arquivo Municipal.



Mesa redonda sobre Luís Seoane:

Serán a cargo de Xosé Luís Axeitos, Guillermo Escrigas, Xosé Díaz e Xavier Seoane na Biblioteca Municipal de Estudos Locais no mes de xuño.

Protagonista Carvalho Calero

Haberá unha mostra bibliográfica na Biblioteca Municipal de Estudos Locais.

Publicarase un folleto divulgativo.

A Asociación Socio-Pedagóxica Galega organizará o certame de teatro amator Carvalho Calero.

Protagonista Blanco Amor

Sarabela Teatro achéganos ao Teatro Rosalía o 9 e de 10 abril ás 20:30 a obra de Eduardo Blanco Amor **A Esmorga**.

O 26 de abril ás 20:00 no Fórum Metropolitano estréase a curta **Herdanzas**, feita polos alumnos da Escola de Imaxe e Son da Coruña e dirixida por Alejandra Castro sobre esta obra do escritor ourensán.



Outros protagonistas

Concerto de Serrat:

“Hijo de la luz y de la sombra”. Trátase dun concerto-homenaxe a Miguel Hernández que terá lugar o 1 de maio ás 22:00 h.

Casa-museo Emilia Pardo Bazán:

A Casa-museo Emilia Pardo Bazán ten previsto ceibar dous novelas de Emilia Pardo Bazán para participar no movemento internacional Bookcrossing. Será no monumento a Emilia Pardo Bazán ás 11:00 h do día 23. Haberá unha visita á Casa-museo baseada nos textos da escritora o día 23 de abril ás 12:00 h. Francisco Fernández Naval colaborará na visita comentada á Casa-museo o día 26 de abril.

primavera 2010
vidade
mele.



6. Empezando desde cero

Cun libro debaixo do brazo

Do 22 de outubro ao 31 de decembro, fai socio/a da biblioteca o neno ou a nena que vas ter e recibirás un agasallo.

Cantar e contar desde o principio

Para os pais e as nais que esperan bebé e queren recibilo con arrosos, nanas e contiños organízase un obradoiro nas bibliotecas municipais para aprender a cantarlles e contarlles aos máis pequenos.

Bebetecas

A Biblioteca Pública da Deputación da Coruña e as bibliotecas municipais dos Rosales e do Fórum Metropolitano proximamente terán espazos deseñados para que os bebés cos seus pais e coas súas nais poidan achegarse á lectura e aos libros desde os primeiros meses de vida. Ademais organízanse actividades dirixidas específicas.



7. Faladoiros de lectura

Cafés literarios

Son tertulias arredor dun café con escritores e escritoras da cidade. O xoves 22 de abril será con Tati Mancebo na Postrería; o xoves 29 de abril será con Yolanda Castaño no Macondo; o xoves 6 de maio será con Xurxo Souto no café O' Delito; o xoves 13 de maio Xabier P. Docampo estará no Dublín; o xoves 20 de maio Dores Tembrás estará na cafetaría 8 Luces e o xoves 27 de maio Martín Pawley estará no café bar La Plaza (Praza da Gaiteira). Todas serán ás 20:00 h.

Contamos contigo, coa palabra como protagonista

Todos os venres de maio haberá monólogos, poesía e música en pubs da cidade: Lucía Aldao e María Lado estarán o 7 de maio no Patachín e o 14 de maio no Alfaiate; Quico Cadaval estará o 28 no Garufa e o 21 na Repichoca. Todas as actuacións serán ás 23:00 h.



Clubs de lectura

Esta actividade está destinada ás e aos que lles gusta ler e comentar as súas lecturas cas/os outras/outros. Ten gran tradición nas bibliotecas da cidade e durante todo o ano, os clubs reúnense con periodicidade semanal, quincenal etc. Son interesantes para coñecer autores e obras, para descubrir, para compartir, para propoñer, para intercambiar ideas, experiencias e valoracións sobre as lecturas feitas. Tamén hai un club virtual para os que non poden nesas horas e neses días. Nas biblioteca municipais do Castrillón, do Fórum Metropolitano e Monte Alto; na Biblioteca Pública Miguel González Garcés e na Biblioteca Pública da Deputación da Coruña.



8. Conciencia lectora

Homenaxe a Isidro Parga Pondal

Este científico actualizou o estudo da xeoloxía galega desde a conciencia de país. Na Casa das Ciencias en colaboración coa RAG. Inicio dun traballo de divulgación sobre científicos galegos. Desde o 3 de xuño.

Cita coa ciencia

O 23 de abril agasallamos unha escolma de citas científicas que pretenden estimular a curiosidade e o talento creativo que todas as persoas levamos dentro.

C.C.I.: Club de Ciencia e Investigación

Está destinado a nenos e nenas de 9 a 11 anos. O seu obxectivo é estimular o interese pola ciencia a través da presentación de libros, vídeos, DVD, páxinas web de búsqueda de información e da resolución de casos e enigmas. Será na Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil e na do Fórum Metropolitano todos os anos de xaneiro a maio.



Maxia vs Ciencia por A illa dos/as nenos/as

É un espectáculo con obradoiros experimentais no que os/as nenos/as poden disfrutar dunha divertida sesión onde unha científica tola reta a un mago para así demostrar que a ciencia é máis poderosa ca maxia. Terá lugar o 5 de xuño na Biblioteca Pública Miguel González Garcés.

A Coruña 2010
Cidad
que lo



9. Contos e máis contos para os máis pequenos

Todas as bibliotecas públicas da cidade teñen programas estables durante todo o ano, con sesións en que se contan historias e se presentan libros para os máis pequenos (3–8 anos) e as súas familias. A oferta é moi variada en temáticas e contidos. Ademais conta con programacións específicas de contos en inglés e na lingua de signos.



10. Lecturas e teatro

Lecturas dramatizadas por Gustavo Pernas. Xoves 22 de abril. Todos os públicos. Biblioteca Pública Miguel González Garcés.

Ratiña linda. Teatro por Casahamlet
Sábado, 15 de maio. Público infantil.
Biblioteca Pública Miguel González Garcés.

Camiño de Historias. Teatro por Migallas Teatro. Sábado 13 de novembro. Público Infantil.
Biblioteca Pública Miguel González Garcés.

**Monicreques “Un agasallo para Xaquín”.
Os Monicreques de Kukas**
Xoves, 23 de decembro. Público Infantil.
Biblioteca Pública Miguel González Garcés.

Obradoiro de teatro por Gustavo Pernas
29 de maio, 5, 12, 19 e 26 de xuño. Todos os públicos. Biblioteca Pública Miguel González Garcés.

Obradoiro “O lapis máxico” por Teatro Buratini. 27, 28, 29 e 30 decembro. Público Infantil. Biblioteca Pública Miguel González Garcés.



11. Banda deseñada, de banda a banda

Salón do comic “Viñetas desde o Atlántico”

do 9 ao 15 de agosto

II Festival de Banda Desghreñada

No Auditorio do Fórum Metropolitano en agosto.

Obradoiro de Banda Deseñada

Jacobo Fernández Serrano. Outubro. Público xuvenil. Biblioteca Municipal de Monte Alto.

Taller de aproximación á ilustración gráfica

Oscar Vilán Seoane. Novembro. Público infantil. Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil.

Obradoiro de iniciación ao graffiti. GoChi (David Prieto Seijo)

Xuventude/Adultos (maiores de 14 anos).

Setembro na Biblioteca Municipal da sagrada familia. 18, 25 de setembro; 2, 16 de outubro na Biblioteca Pública Miguel González Garcés.



Taller de debuxo e/ou cómic.

Santy Gutiérrez

Público xuvenil. No mes de outubro na Biblioeca Municipal do Castrillón e no mes de setembro na Biblioteca Municipal dos Rosales.

“Como debuxar manga”

Obradoiro a cargo de Marisa Irimia.
Setembro. Público infantil e xuvenil.
Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil.

“Cómo se fai un comic?”

Abril e maio. Na Biblioteca Pública da Deputación da Coruña.

Taller de creación de cómic

Público infantil. Outubro e xaneiro.
Biblioteca Pública da Deputación da Coruña.

Taller de fotocómic

Público infantil. Setembro. Biblioteca Pública da Deputación da Coruña.

Obradoiro de cómics

Ao remate do Club de Lectura dedicado á banda deseñada, propónse este obradoiro dirixido a público xuvenil e adulto. Sábados 4 e 11 de nadal.
Biblioteca Pública Miguel González Garcés.




12. Ven de visita

A Biblioteca do Consulado e as xoias da Ilustración tardía

Unha visita guiada o segundo xoves de cada mes, ás 18:00 h para amosar á cidadanía a biblioteca pública máis antiga do estado e os seus fondos. É preciso anotarse no número de teléfono 981 206 274 ou no enderezo electrónico bibliocasaconsulado@gmail.com

Pasea coa literatura

Trátase de itinerarios virtuais. Podes gozar cos roteiros literarios pola cidade arredor das figuras literarias de Méndez Núñez e Rosalía na Coruña. Haberá visitas guiadas para escolares durante o mes de maio.



Programa “Descubrir os libros”

Visitas escolares dirixidas aos centros de ensino infantil, primaria e secundaria. Estas visitas, con contidos e formatos diferentes axeitados ás distintas idades, pretenden, desde unha formulación lúdica, achegarlles aos escolares e aos profesores o contorno das bibliotecas para que coñezan os seus recursos, a súa organización e os seus servizos. O programa desenvólvese de xaneiro a xuño en todas as bibliotecas municipais.

Visitas guiadas á Bebeteca

Todos os días de luns a venres.

Biblioteca Pública da Deputación da Coruña.

Visitas guiadas á Biblioteca Infantil-Xuvenil

Martes e Xoves. Biblioteca Pública da Deputación da Coruña.

Visitas guiadas para a formación de usuarios

As visitas escolares teñen lugar todos os martes e xoves de outubro a maio na Biblioteca Pública Miguel González Garcés.



13. Achegarte

“A vida en imaxes: Alicia no país das maravillas”

Exposición de Miguel Piñeiro en Moret Art Espacio. Ata o 28 de maio.

Exposición “Desembarco dos 80”

Revista La Naval. O fervedoiro cultural que era A Coruña nos anos 80. Exposición no Pazo Municipal no mes de xuño.

Curso de iniciación de hip-hop

Comeza o 26 de xuño. Impartido por compoñentes do grupo Overgrounz. Contidos: Produción musical, composición de letras, introdución al Djing (Scratch, turntable) e concerto-Demo de Overgrounz. Aberto á participación de mozas e mozos que participaron no curso.

Códice Calixtino

En colaboración coa Consellaría de Cultura. Do 26 de agosto ao 26 de setembro. Na sala de exposicións do Pazo Municipal.



Baldo Ramos: o libro como obxecto de arte

Exposición biblioteca dos Rosales.

“Descubir e disfrutar da pintura: as vangardas do S.XX”

Curso de Arte. Todos os xoves de febreiro a maio. Público adulto. Biblioteca Pública da Deputación da Coruña.

Taller de arte para nenos

Mes de xullo. Biblioteca da Deputación da Coruña.

“Somos artistas”

Obradoiro. Público infantil. De outubro a decembro. Biblioteca Pública da Deputación da Coruña.

Encontros coa arte

Meses de outubro a xaneiro. Biblioteca Pública da Deputación da Coruña.

“24 de outubro: taller de ornamentación sobre o papel”

Con motivo do día da Biblioteca. 22 de outubro. Todos os públicos. Biblioteca Pública da Deputación da Coruña.



14. Encontros coa literatura

III Encontro Cidade da Coruña “A viaxe na literatura”

5 autores para percorrer o mundo.

En colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega. 19, 28 de abril e 5, 11 e 19 de maio na Real Academia Galega.

GALEUSCAT

Organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega celebrarase na Coruña os días 30, 31 e 1 e 2 de novembro o encontro de escritores de Galiza, Euskadi e Cataluña. Encontro de novos escritores, organizado pola A.E.L.G.

Literatura noutros formatos

coa Universidade da Coruña.

Encontro novos escritores.

Organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega.



15. Miradoiros de lectura

Durante todo o ano as bibliotecas destacan en exposicións de pequeno formato libros, cds, vídeos etc.

“Benvida primavera”

Unha mostra con audiovisual onde as personaxes dos cadros de Botticelli e as serpentes de mar de Luguís cobrarán vida cambiando a paisaxe da nosa cidade. Abril. Biblioteca Municipal do Fórum Metropolitano.

“A banda sonora dos teus libros”

Abril. Biblioteca Municipal dos Rosales.

Ideas fin de semana: internet

Abril. Biblioteca Municipal dos Rosales.

“En abril, libros mil”

Mostra bibliográfica de literatura galega. Abril. Biblioteca Municipal dos Rosales.

“Protexe o medio ambiente e os animais”

Abril. Na Biblioteca Municipal de Monte Alto.

“Os libros da nosa imprenta “

Abril. Biblioteca Municipal de Estudos Locais.



Ideas fin de semana: “O teatro”

Maio. Biblioteca Municipal dos Rosales.

Ideas fin de semana:

“A arte tamén é dos máis pequenos”

Maio. Biblioteca Municipal dos Rosales.

“Literatura de viaxes”

Xuño. Biblioteca Municipal do Fórum Metropolitano.

Ideas fin de semana: “Unhas cantas ideas para estas vacacións”

Xuño. Biblioteca Municipal dos Rosales.

“Atopa o camiño na Biblioteca de Monte Alto”

Xullo e Agosto. Na Biblioteca Municipal de Monte Alto.

Banda deseñada.

Agosto. No hall do Fórum Metropolitano.

Terror e ciencia ficción.

Outubro - novembro. No hall do Fórum Metropolitano.

“A pegada”.

Outubro. Na Biblioteca Municipal de Monte Alto.

“Lecturas xeadas”.

Decembro. Biblioteca Municipal do Fórum Metropolitano.

“O Nadal na Biblioteca Monte Alto”.

Decembro. Biblioteca Municipal de Monte Alto.

A Coruña 2010

A cidade que le.



Concello da Coruña
Concellería de Cultura

COLABORA: DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA